

MATERIA
Prehistoria II

TITULACIÓN
Grao en Historia

unidade
didáctica
10

Arte rupestre ao aire libre do Noroeste peninsular

Alia Vázquez Martínez
Miguel Carrero Pazos

Área de Prehistoria
Departamento de Historia
Facultade Xeografía e Historia

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www-usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679680>

MATERIA: Prehistoria II

TITULACIÓN: Grao en Historia

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

BLOQUE I. O Neolítico

UD I. O Neolítico e a orixe das economías de produción

Neolítico, Neolitización e Revolución neolítica. O estado actual da investigación
Teorías sobre o proceso de neolitización e hipóteses sobre o xurdimento e expansión

As novas formas de vida do Neolítico: sedentarización e primeiras sociedades rurais

A neolitización de Próximo Oriente e África

UD II. A Neolitización da Europa continental e o Mediterráneo

O proceso de expansión dende Próximo Oriente

O Neolítico na Grecia continental e no Exeo

O sueste de Europa

O Neolítico na Europa central e setentrional

UD III. O Neolítico atlántico e o Megalitismo

O Neolítico na Europa occidental

As rexións atlánticas

O fenómeno megalítico europeo. Teorías do xurdimento e expansión.

As particularidades territoriais: as Illas Británicas e Irlanda. Francia, a Europa setentrional e a Península Ibérica

UD IV. O fenómeno tumular e megalítico en Galicia

O Megalitismo galego no contexto europeo

Os devanceiros: a historiografía do Megalitismo galego

Onde están as nosas mámoas e dolmens? A cartografía do Megalitismo galego

Diversidade tipolóxica: as arquitecturas megalíticas

O mundo simbólico: a arte megalítica

BLOQUE II: O Calcolítico

UD V. O Calcolítico: caracterización xeral, metalurxia e aparición das sociedades complexas

A metalurxia do cobre. Materias primas, técnicas de obtención e transformación

Cambios económicos e consecuencias culturais: o proceso de complexización social

O Calcolítico en Próximo Oriente: metais nativos e os inicios da fundición. Intensificación agrícola e gandeira

UD VI. As primeiras sociedades metalúrxicas de Europa e a Cultura do Vaso Campaniforme

As orixes da metalurxia en Europa. Teses principais e estado actual das investigacións. O foco metalúrxico dos Balcanes e a cultura de Vinča
O mundo funerario e a organización social. Varna como paradigma
A Cultura da Cerámica Cordada e a Cultura Yamnaya. A relevancia dos estudos xenéticos
O Calcolítico no Mediterráneo central e occidental
A Península Ibérica como foco metalúrxico independente
A Cultura do Vaso Campaniforme: Grupos, tipos e estilos cerámicos. O equipamento campaniforme e as estratexias de poder

BLOQUE III: A Idade do Bronce**UD VII. A Idade do Bronce na Europa continental e o Mediterráneo**

Dinámicas atlánticas e dinámicas mediterráneas: desfase temporal e diferentes grados de complexidade
As culturas de Próximo Oriente e Exipto. O Exeo e a Grecia continental
Europa Oriental e Os Balcanes
Europa Central: a Cultura de Unetice
O Bronce antigo e medio no Mediterráneo central e occidental
O Bronce da Europa setentrional

UD VIII. A Idade do Bronce na Europa atlántica

A cultura de Wessex e os Túmulos Armoricanos

UD IX. O Bronce Final e a transición cara á Idade do Ferro

O Bronce final en centroeuropa
O Bronce final na Europa nórdica
O Bronce final atlántico e a cuestión das relacións atlánticas
O Bronce final nas rexións mediterráneas

UD X. A arte rupestre ao aire libre do Noroeste peninsular

A arte rupestre galega no contexto europeo
A historiografía da Arte Rupestre galega. As bases da investigación
Que tipo de representacións atopamos nos petróglifos galegos? A clasificación tipolóxica dos motivos
A arte rupestre galega no territorio da prehistoria recente
A perdurabilidade dos petróglifos. A conservación das testemuñas dos nosos antepasados para as vindeiras xeracións

BLOQUE IV: A Idade do Ferro**UD XI. A Primeira Idade do Ferro: a Cultura de Hallstatt**

A primeira Idade do Ferro en Europa: a Cultura de Hallstatt e o mundo funerario das tumbas principescas
As rexións mediterráneas e Europa Oriental

UD XII. A Segunda Idade do Ferro: A Cultura de La Tène e os Celtas

A desintegración do mundo de Hallstatt. A Cultura lateniense e os Celtas
O final da Cultura de La Tène. A chegada de Roma

ÍNDICE

CONTEXTUALIZACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

1. Presentación
2. Xustificación
3. Obxectivos

METODOLOXÍA DA UNIDADE DIDÁCTICA

1. Clases expositivas
2. Clases interactivas

CONTIDOS DA UNIDADE DIDÁCTICA

1. A arte rupestre galega no contexto europeo
2. A historiografía da Arte Rupestre galega. As bases da investigación
 - 2.1. As primeiras referencias históricas e a creación da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (1865-1909)
 - 2.2. Dende a Exposición Rexional Galega ao estalido da Guerra Civil (1909-1936)
 - 2.3. As consecuencias da Guerra Civil na investigación (1936-1970)
 - 2.4. Da década dos setenta ata os noventa
 - 2.5. Dende os noventa ata actualidade
3. Que tipo de representacións atopamos nos petróglifos galegos? A clasificación tipolóxica dos motivos
4. A arte rupestre galega no territorio da prehistoria recente
5. A perdurabilidade dos petróglifos. A conservación das testemuñas dos nosos antepasados para as vindeiras xeracións

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA



CONTEXTUALIZACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

1. Presentación

A Unidade Didáctica X «A arte rupestre ao aire libre do Noroeste peninsular» está incluída na materia Prehistoria II (Código G5021123), que se imparte no primeiro curso do Grao de Historia na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Trátase dunha materia obrigatoria pertencente ao segundo cuadrimestre, cunha carga lectiva de 6 créditos ETCS correspondentes a 150 horas lectivas.

A programación docente da materia Prehistoria II está formada por catro bloques temáticos e doce unidades didácticas, expostas anteriormente. A presente unidade didáctica cúrsase no «Bloque III. A Idade do Bronce», cando os alumnos xa teñen coñecementos previos de diversos ciclos artísticos que se deron en épocas precedentes en Europa: a arte paleolítica impartida na materia de Prehistoria I e a arte dende o Neolítico ata a Idade do Bronce que se estuda a partir do bloque I do programa de Prehistoria II.

Esta unidade didáctica céntrase na lección dedicada á arte rupestre gravada ao aire libre que se atopa no noroeste da península Ibérica. A súa duración é de tres horas teóricas e tres sesións prácticas.

2. Xustificación

Esta Unidade Didáctica responde á necesidade de ampliar o coñecemento sobre a arte rupestre galega, un vestixio deixado polos nosos antepasados que é esencial para comprender o desenvolvemento do período prehistórico. A expensas do ideario colectivo, a arte galega non é un fenómeno illado que se deu nunha rexión concreta, presenta algunhas características coa arte localizada noutros puntos da fachada atlántica. Por esta razón, é necesario que se deseñen unidades didácticas sobre a Prehistoria de Galicia para que o alumnado comprenda como esta rexión ten participado no desenvolvemento do período prehistórico.

Á súa vez, a arte rupestre é un dos legados dos nosos antepasados máis complexos de protexer. Adquirir os coñecementos necesarios para preservar e respectar este patrimonio, axuda a que continúe en bo estado de conservación para as vindeiras xeracións.

3. Obxectivos

A materia Prehistoria II constitúe o primeiro achegamento aos períodos da Prehistoria Recente: Neolítico, Idade do Cobre ou Calcolítico, Idade do Bronce e Idade do Ferro. Os obxectivos xerais que dita materia ten son os seguintes:

- Impartir un coñecemento xeral da evolución social, cultural e económica dos grupos humanos durante a Prehistoria Recente e a Protohistoria.

- Proporcionar os coñecementos necesarios para recoñecer a documentación que adoita utilizarse en Prehistoria, os métodos científicos a través dos cales pode chegarse a este coñecemento, e usar, de modo correcto, a linguaxe técnica da ciencia arqueolóxica prehistórica.
- Tomar conciencia da relación e interacción entre o pasado e o presente na conformación da sociedade.

A Unidade Didáctica X dedicada á arte rupestre do noroeste da península Ibérica permitirá ao alumnado acadar os seguintes obxectivos específicos:

- Obter un coñecemento básico da arte rupestre galega, a través dos principais focos de distribución e o tipo de motivos representados, que permita describir e recoñecer as expresións culturais dos grupos humanos durante a Idade do Bronce no noroeste da Península.
- Coñecer a historiografía e as diferentes teorías que trataron de explicar o significado da arte rupestre e a súa aproximación cronolóxica en relación con outros xacementos da prehistoria e o contexto arqueolóxico.
- Coñecer, valorar e respectar o patrimonio, tomando conciencia da dificultade da súa conservación.
- Aplicar as novas tecnoloxías de documentación para estudar a arte rupestre.
- Aprender a traballar en equipo por medio de actividades e da participación en clase.
- Fortalecer a comprensión lectora e a posterior organización e sínteses de datos.

METODOLOXÍA DA UNIDADE DIDÁCTICA

Ao inicio da materia Prehistoria II realízase unha presentación de toda a programación docente, onde se explican os diferentes bloques e as unidades didácticas que se van impartir. A metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe da presente unidade didáctica, segue os principios metodolóxicos propostos no contexto xeral da materia: clases expositivas e clases interactivas.

Tamén o alumnado conta co apoio e orientación do profesorado. Ao longo da materia hai unha serie de titorías orientadas ao seguimento personalizado dos estudantes e nas que se facilitan as ferramentas requiridas para o seguimento da materia, polo que se pode abarcar calquera dúbida que ao alumnado teña en relación coa unidade didáctica.

A metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe da unidade didáctica realízase mediante diversas estratexias en función das competencias e habilidades a adquirir polo alumnado. A metodoloxía fundaméntase nos seguintes criterios:

1. Clases expositivas

As clases expositivas serán de tres sesións, nas que se presentarán os contidos teóricos da unidade didáctica. Previo ao inicio da clase expositiva realizaranse diversas preguntas sobre a arte rupestre galega para avaliar os coñecementos do alumnado e saber se visitaron algún xacemento ou leron algún libro sobre o tema. Durante a explicación dos contidos, que contarán co apoio de recursos gráficos en forma de presentacións audiovisuais en distintos formatos, fomentárase e incentivarase a participación do alumnado por medio de preguntas que lle fagan cuestionarse sobre o que se lles está explicando e aporten as súas ideas.

Fomentar a participación en clase non é tarefa doada, por elo, propóñense diferentes recursos interactivos que capten a atención dos asistentes. Nas clases expositivas empregaranse ferramentas como *wooclap* e *kahoot*, co fin de facer partícipe a toda a clase mediante xogos como a chuvia de ideas ou os cuestionarios que facilitan estes programas.

2. Clases interactivas

As clases interactivas serán de tres sesións, nas que se desenvolverán actividades prácticas nas que se aplican e se someten a discusión os contidos teóricos. O alumnado traballará, por grupos, nas seguintes actividades propostas:

Exercicio 1: Onde se atopan as estacións de arte rupestre?

O alumnado realizará un estudo de arqueoloxía espacial a través da análise da cartografía histórica da arte rupestre galega (Sobrino Buhigas, 1935; Filgueira Valverde e García Alén, 1954; Peña Santos e Vázquez Varela, 1979; García Alén e Peña Santos, 1980; Vázquez Martínez, 2015).

A tarefa proposta neste exercicio consistirá en elaborar un comentario de texto escrito no que se respondan diferentes cuestións relacionados cos mapas proporcionados (Figura 1):

- Analiza e describe as principais zonas do territorio onde se localizan os petróglifos. Tras a análise, responde as seguintes preguntas: A distribución da arte rupestre é homoxénea ou heteroxénea? Observas algunha pauta de distribución que se poida definir?
- Compara os mapas. Mudou moito o número de estacións rupestres rexistradas dende o século pasado ata a actualidade?
- Cres que os mapas reflicten a totalidade da arte rupestre que puido ser creada no período prehistórico? Ou, pola contra, consideras que desapareceron unha boa parte deles? Razona a resposta
- Claramente, a provincia de Pontevedra ten un número maior de petróglifos, cales poderían ser as razóns?

ria, en Santiago de Compostela. Nesta excursión o alumnado coñecerá *in situ* a arte rupestre e poderá aplicar e pór en práctica os contidos tratados nas sesións teóricas.

A saída de campo proposta será de tipo práctica. O alumnado, por grupos, terá que documentar o petróglifo *in situ*:

- Primeira parte: O alumnado terá que documentar o xacemento coa ficha de campo deseñada na primeira parte do exercicio.
- Segunda parte: Rexistrar en 3D o xacemento por medio de aplicacións dixitais dispoñibles para teléfonos móbiles.
- Terceira parte: Visualizar o modelo 3D e rematar de cubrir a ficha de campo no caso de que non fose posible ver todos os motivos gravados en campo.

CONTIDOS DA UNIDADE DIDÁCTICA

Esta unidade didáctica ofrece un coñecemento actualizado sobre a arte rupestre do noroeste da península Ibérica. Os contidos os dividimos en cinco apartados:

1. A arte rupestre galega no contexto europeo

A arte rupestre galega ao aire libre, coñecidos como petróglifos, forma parte dun amplo conxunto que se estende ao longo do litoral atlántico europeo. Os motivos xeométricos, especialmente as figuras circulares, comparten un deseño e características semellantes que podemos observar na arte galega e lugares como as Illas Británicas ou Irlanda (Figura 3). A influencia da península Ibérica vese tamén en outras figuras como os ídolos e as armas ou outras representacións vinculadas ao arte esquemático do sur de Portugal (Bradley *et al.*, 1994). Estas conexións evidencian unha ampla esfera de interacción entre as comunidades neolíticas e da Idade do Bronce en Europa.

Figura 3. Á esquerda, petróglifo de Vilachan_02 (Tomiño).
Á dereita, Glentarf, Scotland.



Fonte: Á esquerda, fotografía propia. A imaxe da dereita é unha fotografía de George Currie (rockart.scot).

2. A historiografía da Arte Rupestre galega. As bases da investigación

Dende as primeiras descubertas da arte rupestre a finais do século XVIII, estas manifestacións foron obxecto de atención por parte de diferentes investigadores. Dentro da unidade didáctica, establécense cinco períodos historiográficos que se desenvolverán nas clases teóricas, con contidos que tamén serán traballados de forma práctica.

2.1. As primeiras referencias históricas e a creación da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (1865-1909)

A partir da segunda metade do século XVIII podemos encontrar as primeiras referencias aos petróglifos galegos a través dos escritos que realizan os eruditos nas viaxes a Galicia (Sarmiento, 1745). Non será ata finais do século XIX cando se inicien as investigacións propiamente ditas e se funde a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra. As primeiras interpretacións estiveron marcadas por dúas correntes: a corrente celtista que entendía os petróglifos como una escritura de identidade céltica común entre Galicia e as Illas Británicas e Irlanda (Murguía, 1908), e a corrente anticeltista, postulando que se trataría dunha *escritura* moi anterior aos celtas (Martínez Salazar, 1898; García de la Riega, 1904).

A Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra promoveu a primeira catalogación das estacións de arte rupestre da provincia na que se asenta, cuxos resultados mostrou na *Exposición Rexional Galega* celebrada en Santiago de Compostela no 1909.

2.2. Dende a Exposición Rexional Galega ao estalido da Guerra Civil (1909-1936)

O éxito da *Exposición Rexional Galega* levou a que os petróglifos fosen coñecidos por especialistas de diferentes zonas de Europa (Jalhay, 1926; Fontes, 1927). Os estudosos internacionais aportaron novas teorías, ampliando as perspectivas investigadoras previas. O investigador alemán H. Obermaier (1923) realizou a primeira clasificación crono-tipolóxica dos motivos, que terá unha gran repercusión en autores posteriores, como F. López Cuevas e F. Bouza Brey (López Alonso-Cuevillas e Bouza Brey Trillo, 1929).

R. Sobrino Buhigas foi unha figura chave na investigación da arte rupestre na primeira metade do século XX. Na súa obra *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* publicada no 1935 aborda con solidez cuestións que non se tratan con anterioridade.

2.3. As consecuencias da Guerra Civil na investigación (1936-1970)

Durante os anos da Guerra Civil, a actividade investigadora reduciuse a consecuencia da represión política e cultural. Nos anos corenta retómanse as investigacións con importantes traballos do investigador R. Sobrino Lorenzo-Ruza (1946, 1952), quen cuestiona as teorías vixentes ata o momento, como a clasificación crono-

tipolóxica ofrecida por H. Obermaier, a cal era seguida pola maioría dos investigadores do momento.

2.4. Da década dos setenta ata os noventa

A partir da década dos setenta comezaron a xurdir novos conceptos e interpretacións sobre a arte rupestre galega que se afastaban das cuestións de estilo que caracterizaba á maioría das investigacións das décadas anteriores. Autores como J. Cabaleiro Manzanedo *et al.*, (1976); M. García Martínez (1973); A. Peña Santos (1979), entre outros, desenvolverán importantes traballos orientados a establecer unha cronoloxía. A. Peña Santos e J. M. Vázquez Varela (1979) abordaron o primeiro estudo en conxunto da arte rupestre de toda Galicia.

2.5. Dende os noventa ata actualidade

O final do século XX caracterízase polos estudos orientados á protección da arte rupestre ante o progresivo deterioro; desenvoltos polo investigador F. Carrera Ramírez (1998), e pola síntese realizada por A. Peña Santos e Rey García (2001). Nas obras de autores como R. Fábregas Valcarce, C. Rodríguez Rellán ou R. Vázquez Rozas comezan a xurdir novos métodos de estudo da arte rupestre, que serán o inicio de importantes traballos que se están a desenvolver na actualidade, coma a elaboración dun gran corpus destas manifestacións (Vázquez Martínez, 2015).

3. Que tipo de representacións atopamos nos petróglifos galegos? A clasificación tipolóxica dos motivos

Os petróglifos de época prehistórica presentan un amplo repertorio iconográfico que podemos clasificar en tres grupos: o Grupo Xeométrico, o Grupo Naturalista e o Varia Prehistórico (Figura 4) (Fábregas Valcarce *et al.*, 2022). O primeiro grupo é o que ten unha maior presenza en Galicia (máis do 80 % das representacións sobre o total) e, ademais, son as que parecen ofrecer maiores puntos de contacto con outros focos da arte rupestre europea, preferentemente do litoral atlántico. O seu repertorio está constituído dende motivos simples, como as coviñas, ás representacións máis complexas de combinacións circulares e labirintos. Pola súa banda, o grupo naturalista ten unha menor presenza (apenas un 12 % sobre o total), pero son as figuras que mellor caracterizan e individualizan os gravados galegos con respecto a outros focos rupestres. Os motivos naturalistas están formados por zoomorfos; os máis frecuentes, xunto á representación menos común de armas, antropomorfos e as escenas de monta. O terceiro grupo, Varia Prehistórico, o conforman figuras cuxas características non se acomodan nos grupos anteriores, como os sucos sinuosos.

Figura 4. Clasificación tipolóxica dos motivos que conforman a arte rupestre galega

Temática prehistórica				
Grupo Xeométrico				
Coviñas	C. Circulares	C. Simples	Labirintos	Espirais
Grupo Naturalista				
Zoomorfos	Antropomorfos	Armas	Barquiformes	
Varia Prehistóricos		Temática Histórica		
Sucos sinuosos	Idoliformes	Cruces	Taboleiros	Varia Históricos

Fonte. Elaboración propia (Fábregas et al. 2022)

Xunto a estes motivos de cronoloxía prehistórica, atopamos outras representacións coas que moitas veces comparten panel, as graffías consideradas de épocas históricas. Estas figuras non se estudan en profundidade na presente unidade didáctica, pero o alumnado debe coñecer a súa existencia.

4. A arte rupestre galega no territorio da prehistoria recente

Galicia posúe un gran número de arte rupestre rexistrado que se distribúe de maneira desigual ao longo do territorio, cunha maior concentración numérica na zona meridional. Atopamos, tamén, non só unha clara distinción en termos numéricos, o grupo de estacións rupestres das áreas costeiras suroccidentais e as súas inmediacións presenta unha gran variedade de motivos e máis complexización nos



paneis, mentres que conforme nos afastamos cara o interior, os paneis son máis simples e soamente hai presenza de motivos xeométricos. Diferentes autores, como R. Fábregas Valcarce *et al.* (2009), teñen aportado hipóteses sobre a posible influencia da Dorsal Galega nestas pautas de distribución, posto que a cadea montañosa supón un límite para a distribución dos efectivos do grupo naturalista.

Por outra banda, diferentes autores teñen aportado hipóteses sobre a localización tan específica que presentan as estacións rupestres na paisaxe. Os petróglifos adoitan estar localizados en zonas de media altura (200-350 m.s.n.m.) e cunha gran visibilidade sobre os terreos máis baixos (Peña Santos e Rey García, 2001).

5. A perdurabilidade dos petróglifos. A conservación das testemuñas dos nosos antepasados para as vindeiras xeracións

A dispersión da arte rupestre ao longo do territorio imposibilita levar a cabo medidas conxuntas para preservar estas manifestacións. Neste senso, diferentes autores, entre os que salienta F. Carrera Ramírez (2010), aportaron varias medidas de protección que axudaran a minimizar o impacto dos axentes destrutivos, principalmente os provocados polos incendios forestais e as actividades dos humanos, como maquinaria pesada das explotacións agrícolas ou vandalismo (Figura 5).

Figura 5. Petróglifo de Chan de Rei (O Rosal) afectado polos incendios forestais



Fonte: Fotografía propia

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A avaliación dos contidos da unidade didáctica, que computan na avaliación xeral da materia de Prehistoria II, apoiarase en varios criterios que buscan ter en conta a aprendizaxe do alumnado. En concreto, sobre dous eixos:

- Asistencia nas clases teóricas (3) e prácticas (3). Os contidos teóricos desta unidade didáctica serán tamén obxecto de avaliación no exame final, en conxunto co resto das leccións da materia.
- Traballo realizado durante as 3 sesións prácticas, cos exercicios propostos resolto que o alumnado entregará a través da aula virtual e serán debidamente corrixidos polo profesorado.

Estes criterios forman parte do sistema de «avaliación continua» da materia Prehistoria II estipulado no programa, que se aplica para primar o traballo continuado por parte do alumnado. As actividades propostas para superar a materia seguen o seguinte esquema porcentual:

- Asistencia e participación nas actividades interactivas e realización das prácticas escritas: 30 % da nota final.
- Exame teórico final: 70 % da nota final.

BIBLIOGRAFÍA

- BRADLEY, R., CRIADO BOADO, F., e FÁBREGAS VALCARCE, R. (1994): Petroglifos en el paisaje: nuevas perspectivas sobre el arte rupestre gallego. *Minius, II-III*, 17-28.
- CABALEIRO MANZANEDO, J., RAMOS CALVO, A., MIGUEL DOMÍNGUEZ, J. C., e VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1976): Estudio estadístico de la asociación entre ciervos y círculos en el arte rupestre prehistórico de la provincia de Pontevedra. *Gallaecia, 2*, 117-124.
- CARRERA RAMÍREZ, F. (1996): Una ficha para la diagnosis del estado de conservación de los petroglifos gallegos. *Castrelos, 9-10*, 97-108.
- (1998): La conservación de los grabados rupestres gallegos. Una revisión general del problema. En F. J. Costas Goberna e J. M. Hidalgo Cuñarro (eds.), *Reflexiones sobre el arte rupestre prehistórico de Galicia* (pp. 69-96). Arqueología divulgativa, n.º 4.
 - (2010): Métodos y estrategias para la conservación de materiales u estructuras arqueológicas. *Monografías, 4. Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba*, 127-141.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., RODRÍGUEZ RELLÁN, C., e RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, E. (2009): Representacións de armas no interior de Galicia (Comarca de Deza, Pontevedra). Unha reflexión sobre a distribución e cronoloxía destes motivos. *Gallaecia, 28*, 49.

- FÁBREGAS VALCARCE, R., VÁZQUEZ MARTÍNEZ, A., e RODRÍGUEZ RELLÁN, C. (2022): El arte postpaleolítico de Galicia: nuevas realidades y perspectivas. En *Actas del I Encuentro Nacional de Arte Rupestre. Investigación, conservación, gestión y difusión* (pp. 119-129). Ministerio de Cultura y Deporte. www.libreria.culturaydeporte.gob.es
- FILGUEIRA VALVERDE, J., e GARCÍA ALÉN, A. (1954): Materiales para la Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra. *El Museo de Pontevedra*, VIII, 87-100.
- FONTES, J. (1927): Uma excursão arqueologica à Galiza. *Arqueologia e História*, V.
- GARCÍA ALÉN, A., e PEÑA SANTOS, A. DE LA. (1980): *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. Fundación Barrié de la Maza. Catalogación Arqueológica y Artística de Galicia del Museo de Pontevedra.
- GARCÍA DE LA RIEGA, C. (1904): *Galicia antigua. Discusiones acerca de su geografía y de su historia*. Tipografía A. del Rio y Micó.
- GARCÍA MARTÍNEZ, M. C. (1973): Representacións de armas no arte rupestre galego. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVIII, n.º 84, 111-127.
- JALHAY, E. (1926, March): Los grabados rupestres del extremo sudoeste de Galicia (Alrededores de Oya-Provincia de Pontevedra). *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*, t. VII, n.º 167, 373-385.
- LÓPEZ ALONSO-CUEVILLAS, F., e BOUZA BREY TRILLO, F. (1929): Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza. En *Arquivos do Seminario d'Estudos Galegos*, II (1929 facs., Issue 1929).
- MARTÍNEZ LÓPEZ, M. C. (ed.). (1997): *Contribución a un Sistema de Registro de Yacimientos Arqueológicos en Galicia*. CAPA 2. Grupo de Investigación en Arqueología del Paisaje, Universidade de Santiago de Compostela.
- MARTÍNEZ SALAZAR, A. (1898, August 8): Prehistoria coruñesa. Las piedras con signos del Monte dos Bicos. *La Voz de Galicia*, n.º 5.286.
- MURGUÍA, M. (1908, August 16): Peñasco con insculturas existente en el lugar de Chan da Gándara en Mondariz. *La Temporada en Mondariz*, año XX, n.º 12, 257-262.
- OBERMAIER, H. (1923): Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia (primera parte). *Boletín de La Comisión Provincial de Monumentos de Orense*, VII, n.º 148, 1-21.
- PEÑA SANTOS, A. DE LA. (1979): La clasificación tipológica de los grabados rupestres prehistóricos gallegos. *Actas del XV Congreso Nacional de Arqueología (Lugo 1977)*, 451-466.
- PEÑA SANTOS, A. DE LA, e REY GARCÍA, J. M. (2001): *Petroglifos de Galicia*.
- PEÑA SANTOS, A. DE LA, e VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1979): *Los petroglifos gallegos. Grabados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia*. Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos, 30.
- SÁNCHEZ-PALENCIA RAMOS, F. J. (1981): El inventario arqueológico español. *Caesaraugusta*, 53-54, 101-114.
- SARMIENTO, F. M. (1745): *Viaje a Galicia (1745)* (J. L. Pensado, ed.; 1975th ed.). Salamanca: Universidad de Salamanca.
- SOBRINO BUHIGAS, R. (1935). *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. Compostellae Gallaeciae: Seminario de Estudos Galegos.

- SOBRINO LORENZO-RUZA, R. (1946): Los signos podomorfos del petroglifo de Santa Tecla y los del mismo tipo conocidos hasta la fecha en Europa. *El Museo de Pontevedra*, IV, 131-134.
- (1952): Origen de los petroglifos gallego atlánticos. *Zephyrus*, III, n.º, 125-149.
- VÁZQUEZ MARTÍNEZ, A. (2015): Los petroglifos galaicos: una revisión sobre la distribución espacial. En H. Collado Giraldo e J. J. García Arranz (eds.), *Symbols in the Landscape: Rock Art and its Context (IFRAO)*. *Proceedings of the XIX International IFRAO Conference 2015*, Cáceres 31 Aug-4 Sept 2015 (pp. 841-846). ARKEOS 37.





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

